

## Santiago

A xornalista e poeta Ana Romaní subliñou a mirada feminista na obra da autora nunha lirica laudatio

# Marilar Aleixandre recibiu a homenaxe dos escritores galegos en Compostela

C. P.

SANTIAGO/LA VOZ. A sombra dun abruñeiro é a que prefire Marilar Aleixandre, a escritora homenaxeada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega coa letra E de escritora na súa terra, e a primeira nas dezaseis edicións deste galardón que elixe Compostela para recibir este recoñecemento, que recolleu nun acto de alto contido literario e fondura humana no salón nobre de Raxoi.

Marilar falou a última, despois de recoller a peza escultórica do galardón creada por Silverio Rivas, e non calou nada. Empezou explicando que elixiu Santiago para recibir este recoñecemento do colectivo dos escritores —ela que naceu dúas veces e ningunha delas nesta cidade porque veu a este mundo en Madrid «e en Vigo nacín galega»— por-

que despois de vivir en moitos sitios elixiu Santiago «por vontade, porque non foi o destino o que me trouxo aquí».

A poeta, narradora, ensaísta e bióloga que se definiu muller librexpensadora e loitadora de causas perdidas «porque son as que pagan a pena», decidiu «encomendarme a un abruñeiro para seguir soñando», a una árbore que reivindicou fronte ao cemento que o ten condenado á extinción e porque, entre outras cousas, para dar froito «necessita dun compañoiro, dun amante que non ten porque ser do mesmo sexo». Plantouno ao fío do mediodía no parque da avenida de Barcelona, un lugar idóneo pero que se laiou de que perdera o topónimo galego orixinal, Leiroas, e fixo un inciso no discurso para reprocharlo ao alcalde compostelán, anfitrión do acto



Marilar Aleixandre planta un abruñeiro na avenida de Barcelona, no lugar que se chamaba As Leiroas | ÁLVARO BALLESTEROS

xunto co presidente dos escritores, Cesáreo Sánchez.

De facer a laudatio da homenaxeada encargouse a escritora e xornalista Ana Romaní, que lle brindou un fermoso texto poético no que percorreu a traxectoria vital e creativa de Marilar Aleixandre, á que identificou cunha redeira, «porque xa se sabe, as redeiras surcen na beira do mar sólidas tramas para a auga, teas de cánabo que apreixan no esvarar líquido a carne do océano», e porque «así constrúe

Marilar obra e biografía».

Ana Romaní titoulou a laudatio, unha auténtica peza literaria en si mesma, *E foi unha delas*, verso dun poema da americana Anne Sexton, «porque nel vexo eu a síntese da actitude compartida por algunas autoras e a escritora que hoxe celebrámos». Neste verso, subliñou, «fundéñese a mirada feminista que atravesa toda a obra e Marilar», lembrando, ademais, que a primeira xuntanza clandestina á que asistiu foi sobre feminismo.

### AS FRASES

**Marilar Aleixandre**  
ESCRITORA

«*Santiago é unha cidade inventada, un territorio que pertence á imaxinación, moi adecuada para unha escritora*»

«*Encoméndome ao abruñeiro, árbore rebelde e insubmisiva que resiste no monte en liberdade, de resonancias literarias*»